



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE
NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa convocatoria do día 23 do pasado mes de outubro, o próximo martes, **día 19**, en horario de **18:00 a 20:00** hs, celébrase neste centro a **votación** para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada convocatoria, procederase da seguinte forma:

1º.- Quén pode votar


Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no centro que figure no censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral, tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai ou titor/a legal.

2º.- Modo de emitir o voto

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos/as candidatos/as por orde alfabético de apelidos e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo de **1 nome** dos candidatos ou candidatas relacionados, debendo acreditar a súa personalidade no momento de votar mediante a exhibición do DNI ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste colexio anima a todos os pais, nais ou titores legais do alumnado a que participen na votación do vindeiro martes como unha forma máis de colaboración na organización do centro, a fin de obter a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Lugo, 15 de novembro de 2024
A DIRECTORA DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo. Mónica López Álvarez.